

# O HOME QUE MATOU A LIBERTY VALANCE

# 134

[John Ford, 1962]

ESTREA EN NUMAX: 27.07.2016 | V.O.S.E. | TODOS OS PÚBLICOS

## FICHA TÉCNICA

The Man Who Shot Liberty Valance (1962, 119')

**Dirección:** John Ford

**Guión:** James Warner Bellah, Willis Goldbeck  
(Historia: Dorothy M. Johnson)

**Reparto:** John Wayne, James Stewart, Vera Miles, Lee Marvin, Edmond O'Brien, Andy Devine, Ken Murray, John Carradine, Jeanette Nolan, John Qualen, Willis Bouchee, Carleton Young

**Montaxe:** Otho Lovering

**Dirección de arte:** Eddie Imazu, Hal Pereira

**Son:** Charles Grenzbach, Philip Mitchell

**Música:** Cyril Mockridge

**Fotografía:** William H. Clothier

**Produtora:** Paramount Pictures (Estados Unidos)

**Distribuidora:** Classic Films

**Formato de proxección:** DCP 2K, 1.85:1

**Idioma orixinal:** Inglés

## FILMOGRAFÍA SELECCIONADA

*Siete mujeres*, 1966

*Centauros del desierto*, 1956

*El hombre tranquilo*, 1952

*Fort Apache*, 1948

*Pasión de los fuertes*, 1946

*Qué verde era mi valle*, 1941

*Las uvas de la ira*, 1940

*La diligencia*, 1939

## PREMIOS

Oscar 1963 (nomeado ao mellor vestuario), Laurel 1963 (mellor interpretación —John Wayne—), National Film Preservation Board (incluída na Biblioteca do Congreso en 2007)

## SINOPSE

Ransom Stoddard, un ancián senador do Congreso dos Estados Unidos, explica a un xornalista por que viaxou coa súa muller para asistir ao funeral do seu vello amigo Tom Doniphon. A historia comeza moitos anos antes, cando Ransom era un mozo avogado do Leste que se dirixía en diligencia a Shinbone, un pequeno pobo do Oeste, para exercer a avogacía e impoñer a lei.

«É, ao mesmo tempo, o western máis romántico e o máis grandioso filme político americano»

Richard Brody, THE NEW YORKER



# O HOME QUE MATOU A LIBERTY VALANCE

[John Ford, 1962]

## “Un home vello, hábil e profundo”

Por Tag Gallagher

O home que matou a Liberty Valance ábrese co plano dun tren que chega xemendo a través dunha chaira, para se pechar co propio tren saíndo da imaxe. O tren é o personaxe principal do filme, ese que vén domesticar o Oeste. Vivir é camiñar: o ben e o mal, a felicidade e a desgraza, fúndense entre si. Como en *La taberna del irlandés* (1963), o seu xemelgo, *Liberty Valance*, é o filme dun home vello, hábil e profundo.

Publicado en *John Ford. L'homme et ses films*. Capricci, 2014

## «Son un director duro»

Entrevista a John Ford  
por Peter Bogdanovich

**Ao comezo d'O home que matou a Liberty Valance, cando vai Vera Miles á casa queimada de John Wayne, a música que soa non é o mesmo tema de Anne Rutledge en El joven Lincoln (1939)?** Si, era a mesma; comprámoslla a Al Newman. Encántame, é unha das miñas músicas favoritas, das que poden cantaruxar. Polo xeral, amólame a música dos filmes, un pouco por aquí un pouco por aló, ao comezo e ao final, pero as cousas como o tema de Anne Rutledge encaixan. Non me gusta ver un home no deserto, a morrer de sede, acompañado pola Orquestra de Filadelfia.

**Dá a sensación de n'O home que matou a Liberty Valance as súas simpatías están máis con John Wayne e o vello Oeste.** Xa, de feito o protagonista era John Wayne; Jimmy Stewart tiña máis escenas pero Wayne era o personaxe central, o motivo de todo. Non sei... gústanme os dous. Coido que os dous eran bos personaxes e gustábame o argumento e nada máis. Son un director duro, se me gusta un guión fágoo. Ou se digo, «Ah, isto está ben», fágoo. Se non me gusta rexéitoo.

**Mais ao remate do filme semella claro de Vera Miles segue namorada de Wayne.** Home, era o que se buscaba.

**A súa imaxe do Oeste foise facendo a cada volta máis triste, como por exemplo a diferenza de humor entre**

**Caravana de paz (1950) e O home que matou a Liberty Valance.** Se cadra, non o sei, non son psicólogo. Ao mellor estoume facendo vello.

Publicado en *John Ford*. Fundamentos, 1997.

## “O western máis romántico e o maior filme político de Norteamérica”

Por Richard Brody

Habería moitas cousas que dicir de *Liberty Valance* pero a máis sinxela é que é a un tempo o western máis romántico e o maior filme político de Norteamérica.

O western é intrinsecamente un xénero político pois ao igual cá *República*, de Platón, fálanos da fundación das cidades e porque representa as diferentes funcións abstractas do goberno como acción física e concreta. É tamén un xénero romántico de seu pola súa conexión co mito fundacional da nación. (Unha das fortalezas dos filmes de Ford é a súa representación das raíces da actual praxe política nos territorios do Oeste americano). A frase máis famosa do filme é por suposto, aquela do xornalista: «Isto é o Oeste, señor. Cando a historia se converte en lenda, hai que imprimir a lenda». Ford imprimea —xunta os feitos que se atopan por tras dela— e asina un filme sobre a carga moral dunha vida entregada ao nome dun mito e sobre as implicacións éticas da acción directa. Implicitamente, o suxeito do filme é tamén a nación fundada desta maneira. No seu seguinte western, *El gran combate*, de 1964, Ford representa outra realidade habitualmente ignorada: a dos nativos americanos e as súas relacións co goberno dos Estados Unidos.

Mais *Liberty Valance* é tamén romántico no sentido íntimo da palabra, unha grande historia de amor e un doloroso triángulo, entre un avogado principiante (James Stewart), o seu amigo pistoleiro (John Wayne) e a muller que ambos aman (Vera Miles). A narración ten un alcance épico que fai estirar a historia de amor nun amplo arco temporal da experiencia que o fai incríbelmente conmovedor.

Publicado en <http://www.newyorker.com/>

Tradución: Xan Gómez Viñas

## NA LIBRARÍA NUMAX

**John Ford, L'homme et ses films, Tag Gallagher.** Capricci, 2014.

**John Ford, Peter Bogdanovich.** Fundamentos, 1997

**Centauros del desierto, Alan le May.** Valdemar, 2013

**Sobre John Ford, Lindsay Anderson.** Paidós, 2001

**El hombre tranquilo, John Ford.** Feel Films [Remasterizada DVD + BSO + Libreto]

**Fort Apache, John Ford.** Vértice [BluRay + DVD]

**Escrito bajo el sol, John Ford.** Feel Films [DVD]

**Dos cabalgan juntos, John Ford.** Feel Films [DVD]

**El gran combate, John Ford.** Warner Bros [DVD]

**Pasaporte a la fama / Un crimen por hora, John Ford.** Impulso [DVD]

**Las uvas de la ira / Qué verde era mi valle / La mascota del regimiento / La ruta del tabaco / El caballo de hierro, John Ford.** Fox [DVD]

Un cinema,  
unha librería  
e un laboratorio  
de gráfica e vídeo

# NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega  
Concepción Arenal, 9 baixo  
15702 Santiago de Compostela  
TELF 981 560 250 | [www.numax.org](http://www.numax.org)

  
**EUROPA CINEMAS**  
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME